

DECRETO. Aprobación das Bases de participación nas Xornadas extraordinarias de conciliación familiar motivadas pola crise sanitaria COVID!)

Logo de ver a proposta efectuada pola Concelleira Delegada de Participación Cidadá, Cooperación, Transparencia, Mocidade e Novas Tecnoloxías con data 5 de xuño de 2020, pola que solicita aprobación das Bases de participación RESOLVO:

- 1.- Prestar aprobación ás ditas Bases.
- 2.- Ordenar a súa publicación na paxina web do Concello, nos taboleiros informativos do Concello e na Oficina da Xuventude.

BASES DE PARTICIPACION
XORNADAS EXTRAORDINARIAS DE CONCILIACIÓN FAMILIAR
POR MOR DA CRISE SANITARIA DO COVID-19

A Concellería de Participación Cidadá, Transparencia, Cooperación, Mocidade e TICS do Concello de Sada, leva a cabo a promoción e organización de actividades socioeducativas destinadas á infancia e á xuventude - mocidade no eido do lecer e o tempo libre.

O Concello de Sada pretende desta forma atender á demanda individual de lecer educativo, así como ás necesidades de conciliación das familias sadenses. Este ano, por mor das condicións que estamos a vivir durante a crise sanitaria do COVID19, convoca unhas xornadas cuxo obxectivo principal é proporcionar unha alternativa de conciliación de extrema urxencia ás familias cuxos proxenitores teñan que traballar fóra da casa.

Artigo 1º.-Obxecto.

Co obxectivo de facilitarlle aos rapaces e rapazas a participación en actividades educativas e de tempo libre, o Concello de Sada, oferta de forma gratuita as prazas para estas xornadas extraordinarias de conciliación familiar.

As diferentes actividades xuvenís que integran esta oferta levaranse a cabo en instalacións municipais, atendendo aos diferentes grupos de idade durante o período que transcorre dende o **15 de xuño ao 31 de xullo**.

A información sobre a convocatoria desta campaña de verán atoparase na páxina www.sada.gal

Artigo 2º.-Grupos de idade, lugar de realización, prazas e quendas

Grupos de Idade:

Nenos e nenas nados/as que cursen 2º ciclo de Educación Infantil ou Primaria, con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.

Lugares dispoñibles para a realización:

- Local actividades Oficina da Xuventude
- Casa da Cultura Pintor Lloréns
- Local Asociación Veciños/as de Carnoedo
- Local Asociación Veciños/as de Meirás
- Local Asociación Veciños/as Veigue
- Local Asociación Veciños/as O Castro.
- Centros de ensino municipais.

O número de sedes que finalmente se utilicen dependerá das prazas que se cheguen a cubrir.

Prazas e quendas

As xornadas de conciliación ofertan quendas por semanas para nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria entre as seguintes opcións dispoñibles:

- 1ª Quenda: 15 xuño-19 xuño
- 2ª Quenda: 22 xuño-26 xullo
- 3ª Quenda: 29 xuño - 3 xullo
- 4ª Quenda: 6 xullo -10 xullo

- 5ª Quenda: 13 xullo -17 xullo
- 6ª Quenda: 20 xullo – 24 xullo
- 7ª Quenda: 27 xullo – 31 xullo

Contéplase a reserva de prazas por quenda para participantes derivados dos servizos sociais de atención primaria, previo informe favorable dos servizos técnicos municipais. O porcentaxe de participantes establécese nun 10%

As actividades desenvolveranse de luns a venres en horario de **09:00 a 14:00h.**

Artigo 3º.-Servizos ofertados

Na oferta das xornadas de conciliación familiar, os/as participantes disporán dos seguintes servizos:

- a) Un programa de actividades gratuito de carácter educativo, lúdico e convivencial, que posibilite a participación do/a rapaz/a. A temática das Escolas será multiactividade, adaptada aos diferentes grupos de idade, desenvolvendo así diferentes xornadas de carácter pre-deportivo, musical, artístico, incluíndo ximkanas, contacontos, obradoiros, etc.
- b) O material necesario para a actividade.
- d) Un equipo técnico de persoal especializado en educación, animación deportiva e actividades de tempo libre.
- e) Seguro de responsabilidade civil e de accidentes para os participantes e atención sanitaria de primeiros auxilios.

Artigo 4º.-Prazo para solicitar praza

O prazo de inscrición será flexible segundo as necesidades das familias solicitantes. Neste caso, o procedemento de inscrición realizarase obrigatoriamente os días luns, martes e mércores da semana anterior na que se precisa a conciliación. O venres desa mesma semana publicaríase na web municipal a listaxe de participantes admitidos.

Artigo 5º.- Presentación das solicitudes e documentación adicional

- **Individual:** Cada participante poderá presentar unha única solicitude elixindo por orde de preferencia as quendas das que desexa desfrutar.
- **Múltiple:** Os irmáns/ás que desexen asistir á/ás mesma/s quenda/as, solicitarán **praza múltiple** na mesma solicitude.

A presentación da solicitude deberá facerse obrigatoriamente por medios electrónicos, ven a través da sede electrónica de www.sada.gal ou naqueles casos en que non se dispoña de certificado dixital, a través dun formulario dispoñible na mesma web municipal. Inexcusablemente, a solicitude debe ir acompañada da documentación que se require, ou será considerada NON válida.

Artigo 6º.-Criterios de admisión e Adxudicación de prazas.

Tendo en conta que esta conciliación extraordinaria da vida laboral e familiar é obxectivo preferente para desenvolver estas xornadas, os participantes deberán xustificar a necesidade de acceder a unha praza gratuita. É por isto que serán requisitos imprescindibles á hora de facer a solicitude:

- O/A solicitante debe estar empadroadado/a no Concello de Sada con anterioridade ao 1 de maio do 2020. A comprobación deste dato farase de oficio a través do padrón municipal, polo que non será necesario aportar ningún documento acreditativo.
- O proxenitor/a (en caso de familia monoparental) ou proxenitores, deben ser traballadores en activo (por conta propia ou allea) e polo tanto estar dados de alta en calquera réxime da Seguridade Social. Non será válido que só un deles esté traballando e polo tanto, non admitida a solicitude. Isto xustificarase presentando coa solicitude:
 - Copia do Libro de familia onde conste a unidade familiar. No caso de familia monoparental, adxuntar carné de Familia Monoparental da Xunta ou sentenza de separación/divorcio co convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais.
 - Vida laboral actualizada (posterior ao 1 de maio de 2020)
 - Informe co selo da empresa onde conste a xornada laboral que xustifique a necesidade de conciliación en horario de mañá e a imposibilidade do teletraballo. No caso de persoas autónomas, unha declaración xurada desta necesidade de conciliar polas mañás.

Outros criterios valorables á hora de adxudicar praza, aparte de cumprir os requisitos anteriormente enumerados:

1º Obterán praza preferentemente os solicitantes segundo máis baixa sexa a cuantía da renda familiar. Acreditación mediante a copia do IRPF do exercicio 2018.

2º Obterán praza preferentemente os solicitantes que pertencen a Familias Numerosas, sempre que todos os solicitantes cumpran requisitos de idade no acceso. Debe aportarse copia do Título ou Carné de Familia Numerosa

3º Obterán praza preferentemente os solicitantes que sexan 2 irmán/ás . Debe aportarse copia do Libro de Familia.

4º Establecerase como último recurso a realización dun sorteo entre as solicitudes que se atopen en igualdade de condicións no acceso.

Na primeira semana de xuño publicarase na web www.sada.gal a listaxe de admitidos/as con praza e listaxe de agarda se houberse.

Se unha vez obtida a praza, o/a solicitante desexa renunciar a ela, deberá comunicalo por escrito enviando un correo electrónico a omixsada@gmail.com no que aparezan os datos do/a solicitante e quenda na que obtivo praza e á que renuncia.

IMPORTANTE: Para que cada quenda se realice, deberá cubrirse un mínimo de 10 prazas.

Artigo 8º. Funcionamento das xornadas.

- Os participantes poden acceder ás instalacións entre as 08.50 e 09.00, sendo a saída ás 14:00 h.

Se por calquera motivo xustificable o/a participante necesitara facer a incorporación, ou a saída da actividade, fóra do horario establecido, deberá avisar previamente ao responsable da mesma, que será quen se encargará de levar a cabo dita labor da maneira menos perxudicial para o desenvolvemento das actividades programadas.

Artigo 9º.- Normas de comportamento e medidas hixiénico sanitarias polo Covid19

A organización da Escola, non permitirá ningún tipo de comportamento violento, tanto físico como verbal. Se algún dos participantes dificulta a dinámica no desenvolvemento das actividades en repetidas ocasións (previas advertencias aos seus pais desta situación), pode ser susceptible de expulsión segundo acorde o equipo de educadores/as.

Artigo 10º.- Autorización de imaxes e protección de datos

Co fin de garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade (artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno), nas Escolas de Verán recollense experiencias e fotografías durante o desenvolvemento das actividades. Ditas fotografías, nas que poden saír os/as participantes, poderán ser divulgadas a través dos servizos da sociedade da información que considere o Concello de Sada (prensa, web, redes sociais, etc).

Aquelas nais, pais que non desexen autorizar a publicación de imaxes, poden opoñerse marcando na casilla correspondente na solicitude.

Os datos persoais derivados da inscrición nesta convocatoria serán tratados polo organismo Concello de Sada, en cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016. Poderá exercerse o dereito de acceso, rectificación e cancelación, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Artigo 11º.- Aceptación das bases

O feito de presentar a solicitude para as Xornadas de Conciliación Familiar, implica a aceptación de cada unha das normas de participación que aquí se describen.

Concellaría de Participación Cidadá, Transparencia, Cooperación, Mocidade e Novas Tecnoloxías
Concello de Sada